




UNIDADES DIDÁCTICAS



# ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS



Museo do Pobo Galego

Museo do Pobo Galego / Departamento de Educación e Acción Cultural

Textos: *Paula Fernández Junquera*

Debuxos e fotografías: *Arquivo Antonio Fraguas. Museo do Pobo Galego*

Edita: Museo do Pobo Galego  
San Domingos de Bonaval  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edición conmemorativa do ano 2005, polo centenario de nacemento de  
D. Antonio Fraguas Fraguas.

Imprime: Litosprint, S.L.  
Depósito legal: PO-XXX-05



Antonio Fraguas Fraguas naceu o 28 de decembro de 1905 en Insuela, parroquia de Santiago de Loureiro, Cotobade (Pontevedra).

A súa nai é quen lle aprende as primeiras letras pero tamén aprende moito de “mamá Antonia”, unha muller que servía na súa casa e da que el di: *“Esta muller era analfabeta, non sabía ler nin escribir, pero coñecía os costumes. Sabía oracións, coplas e contos. Moitos dos que eu coñezo ensinoumos ela. Foi a miña gran mestra”*.

O pai, canteiro de oficio, estaba emigrado en Niteroi (Brasil) cando Antonio nace. En 1918 pretende volver alí con toda a familia, e buscarlle o futuro ao seu fillo como maquinista de ferrocarril en Niteroi. Antes de marchar deciden que Antonio asista un tempo a unha escola do lugar de Famelga, onde o mestre descobre as calidades do rapaz para o estudo, aconsellando aos pais que lle deran unha carreira.

*“- Dile a tu padre que venga a hablar conmigo.*

*Cheguei a casa e transmitín a orde.*

*- Díxome don Antonio que vaia falar con el.*

*- E, logo ti ¿qué fixeches?*

*- Eu nada.*

*Non convencín ao meu pai, repetiu a pregunta máis de cen veces, e ía xunto a miña nai e preguntaba:*

*- Pero qué faría o rapaz, Dios mío.*

*Miña nai con moita tranquilidade dicíalle:*

*- Non faría nada, home, non faría nada.*

*Non durmiu ben en toda a noite. Ergueuse moi cedo e foi a Famelga. Saíu don Antonio e díxolle:*

*- Señor Fraguas, no marche usted con el niño, dele una carrerita que vale para estudiar.*

*Meu pai díxolle:*

*- Non podemos, non temos medios económicos.*

*- Sí que pueden, con muy poca cosa le dan una carrerita. Ahora no puede entrar en la normal pero va al Instituto y le conmutan las asignaturas.*

*Meu pai viña contento polo que lle dixeron pero sentía pena por non verme de maquinista en Río de Janeiro. Miña nai preguntoulle qué lle quería don Antonio e cando lle dixo que lle falara de que o rapaz podía estudar, respondeu: “¡Ai, pois si!”*

*E comecei aprobando Ingreso en xuño e primeiro de Bacharelato en setembro, fixen por libre segundo, e terceiro xa o estudei por oficial.”*



De esquerda a dereita: a tía Erundina, o tío Lourenzo, o meniño Antonio, a súa nai e a tía María.

Foi así que, a pesar das estreiteces económicas, Manuel e Teresa, decidiron quedar e que Antonio preparara o ingreso no Instituto de Pontevedra para sacar o bacharelato. Alí tivo profesores como Sobrino Buhigas, Castelao e sobre todo Losada Diéguez que foi un dos mentores das Irmandades da Fala, o importante movemento cultural e político que floreceu a partir de 1916.

Durante a estancia en Pontevedra, Antonio, participa na creación dunha Sociedade da Lingua que tiña como fin o estudo e divulgación do idioma galego.

No curso 1924-1925 inicia os estudos de Filosofía e Letras na Universidade Compostelá, onde acabará licenciándose e será profesor auxiliar.

No ano 1923 un grupo de universitarios composteláns, entre os que se atopaban, Bouza Brey, Filgueira Valverde e Luís Tobío, deciden crear o Seminario de Estudos Galegos, institución encargada do estudo da realidade galega no campo das Humanidades e das Ciencias da Natureza. A este Seminario sumáronse un grupo de estudantes e intelectuais preocupados por Galicia e a súa cultura. Entre eles, tamén aqueles que formaban parte da Sociedade da Lingua, como Antonio. Aquí vai facer grandes amigos: Castelao, Xaquín Lorenzo, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Bouza Brey, Risco, López Cuevillas, Parga Pondal, Carballo Calero ou Xesús Carro García entre moitos máis. Por esta época ingresa tamén na Irmandade da Fala.





Compoñentes do Seminario de Estudos Galegos

En 1928 licénciase da milicia e incorpórase ao Seminario como membro numerario das seccións de Xeografía e de Etnografía e Folclore. A partir de entón traballa arreo investigando, dando conferencias, colaborando en campañas arqueolóxicas e, xunto con Xaquín Lorenzo, recollendo materiais para a montaxe do Museo Etnográfico do Seminario.

En 1932, intervén varias veces, en Radio Galicia, instalada daquela no edificio que ocupa na actualidade o Museo do Pobo Galego, sendo un dos primeiros en usar a nosa lingua neste medio de comunicación.

Neste mesmo ano casa en Valga con Teresa Martínez Magariños e, un ano despois, aproba as oposicións ao claustro do Instituto Elemental da Estrada como catedrático de Xeografía e Historia.

En 1936, súmase aos acontecementos políticos da época presentándose á alcaldía estradense e incorporándose ao Movemento Galeguista que, con líderes como Castelao e Alexandre Bóveda, traballan a favor dun plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Co levantamento militar, clausúrase o Seminario de Estudos Galegos e Antonio é suspendido de emprego e soldo e destituído da súa cátedra, acusado de contrario



ao Réxime. Non quere afastarse de Galicia, así que non lle queda máis, para sobrevivir nestes primeiros anos da ditadura franquista, que montar unha academia de ensino privada en Compostela ata que, despois de terse presentado varias veces e ser rexeitado por mor dos seus antecedentes, volve gañar, en 1950, unha praza de catedrático para o Instituto Masculino de Lugo. Mais para isto tivo que volver opo-sitar, xa que nunca recupera a cátedra que xa gañara no ano 33. Con posterioridade acada o traslado ao Instituto feminino Rosalía de Castro de Santiago, no que exerce a docencia ata 1975.



Lugo 1954

Neste tempo, Antonio non para e segue a traballar a prol de Galicia. En 1944 incorpórase ao Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento que, aínda que baixo control do réxime, procura continuar o labor que comezara no Seminario. Ademais de exercer de bibliotecario, é xefe da sección de Etnografía e Folclore.

Segue a estudar os xacementos arqueolóxicos, os costumes e tradicións da nosa terra, le a súa tese de doutoramento, publica artigos e libros,... aínda que agora en castelán.

En 1951 é elixido académico numerario da Real Academia Galega ocupando a cadeira que, noutro tempo, fora de Castelao e que se mantivera libre ata o seu falecemento no exilio en 1950. A humildade que o caracterizou sempre está presente no seu discurso de ingreso:



*“Señores Académicos:*

*Quero en primeiro lugar agradecer profundamente o inmerecido honor que se me fixo nomeándome para vir ocupar un posto que non merezo. Fago esta sincera afirmación con profunda dor pois ben quixera traer aquí, neste intre solemne, de viva emoción, unha obra cumprida, guía segura de activas manifestacións culturais. Non teño no meu haber mais que boa vontade, e falto doutros méritos, pídolles que perdoen a quen me nomearon e teñan para min unha indulxencia total.*

*Confeso que sinto neste momento un medo tremendo, estremecente, medo que xurdiu no seu día e que vai aumentando a medida que, sen querer, hai que facer unha comparación. Veño ocupar un lugar que quedou baleiro o día sete de xaneiro de mil novecentos cincuenta cando alá lonxe, en Bos Aires, morreu Alfonso Rodríguez Castelao, o amigo Daniel, o médico que por non poder varrer a morte do leito dos enfermos non quixo exercer a menciña. Quizais fora mellor deixar vacante o seu posto deica que outro artista como el ou Rosalía, as dúas representacións de Galicia máis sinceras e acabadas, viñera ocupar esta cadeira. Non debera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen a arte lle foi como foi o vento que canta nas ripas dunha cancela”.*

En 1959, de novo en Compostela, ademais do labor como docente, segue a traballar no Padre Sarmiento, na biblioteca da Sociedade Económica de Amigos do País, e como director do Museo Municipal, entre outras moitas actividades.

Posteriormente, e chegada a xubilación como mestre, comeza unha etapa rica en publicacións e marcada pola actividade en torno ao Museo do Pobo Galego do que, co seu amigo Xaquín Lorenzo e outras persoas, foi membro fundador. Logo veñen tamén o Consello da Cultura Galega, a Academia Galega das Ciencias, a Real Academia da Historia, a Sociedade Portuguesa de Antropoloxía e Etnoloxía, etc.

Antonio Fraguas Fraguas falece o 5 de novembro de 1999, aos 93 anos de idade en Santiago de Compostela.

## O MESTRE

Como xa se dixo, Antonio Fraguas Fraguas, dedicou a súa vida laboral á docencia, un traballo que lle encantaba e que exerceu, polas circunstancias da súa vida, en distintos lugares de Galicia.



Iniciou a súa carreira docente obtendo por oposición a auxiliaría de Xeografía e Historia na Universidade, na que permanecería ata 1933 en que aproba as oposicións e se incorpora como profesor ao Instituto Elemental da Estrada; na Academia Menéndez y Pelayo, que montou en Compostela asociándose co crego Ramón Dávila García, e logo nos Institutos de Ensino Medio de Lugo e Rosalía de Castro de Compostela.



Fraguas cos alumnos da Estrada

Foi sempre un mestre entregado e querido polos seus alumnos. Axudábaos a todos e, en particular, a aqueles que, coma el, procedían de familias campesiñas con poucos recursos económicos. Frutífero e moi recordado é o seu paso polo Instituto Feminino Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, cidade na que, na actualidade, hai un I.E.S. e unha rúa que levan o seu nome, como tamén o levan unha rúa en Lugo, dedicada polo concello a petición dos alumnos que Antonio Fraguas tivo alí, outra en Melide e unha máis na propia Compostela.

O cariño que sentía pola docencia e polos máis cativos foi máis alá do exercicio da profesión. Xa co Museo do Pobo Galego en marcha el estaba sempre preocupado e interesado polo que comentaban e aprendían os rapaces e rapazas que o visitaban.

*“Non é doado esquecer a primeira clase, aló polo outono do ano 51, na que un recién chegado profesor de semblante serio expón aos alumnos de quinto de Bacharelato o seu propósito, o que el chamaba “aprender a aprender”.*

*Pregaba e premiaba a asistencia ás clases e non lle fixo falta esixir respecto, porque era a primeira cousa coa que el nos agasallaba. Era mesmo o primeiro acto de xenerosidade, cualidade esta que logo comprobaríamos era unha das súas virtudes.*





*O seu sentido da docencia era por riba de todo vencellador, ausente da imposición e sanción ao uso. Ensinaba e convencía coa palabra; coa palabra sempre repleta de tenrura pero douta e rigorosa. Non era un profesor convencional de programa e libro, xa que disfrutaba agasallando cos seus saberes, que eran moitos, e sobre todo gustaba do estudio práctico. As saídas con el aos museos e aos castros, ás moas, ás igrexas, eran leccións de historia, xeografía, arte, etnografía e, sempre, Galicia. Coa súa natural simpatía convertía as clases en divertimentos adobiados con anécdotas, refráns e datos precisos.*

*Do insigne profesor quédanos o brillo do grande home, mesmo grande mestre. Bo, xeneroso, humilde e auténtico. E a súa inmorredoirá cortesía. Eso si, como galego verdadeiro, Galicia sempre no seu corazón. Todo un exemplo.”*

## O ERUDITO

Antonio Fraguas, na súa abondosa obra que recolle o froito das súas investigacións e colleitas, tocou varias áreas, de xeito que temos que repasar o seu labor falando de varios Fraguas.

O **xeógrafo** que publica diversos artigos de divulgación, coma os redactados para o Seminario sobre as Rías ou as terras de Cotobade, e que nos deixa unha Geografía de Galicia, publicada en 1953, na que desenvolve un completo percorrido pola xeografía física, humana e político-administrativa do país.

O **arqueólogo** que colabora na catalogación de castros coma os dos concellos do Saviñao, Lalín e Lugo; fai pequenas escavacións como as realizadas na comarca estradense; traballa sobre monumentos megalíticos como o da necrópole do Monte da Morá ou realiza inventarios de monumentos prehistóricos.

O **historiador** da arte que estuda igrexas como a de Xanza, no Concello de Valga (Pontevedra) ou a da súa parroquia natal, Loureiro de Cotobade, e que se ocupou da Sociedade de Amigos da Arte de Compostela.

O **historiador** que realiza a súa tese doutoral sobre a historia do Colexio de Fonseca e os seus colexiais.

O **biógrafo** que escribe sobre as vidas e as obras de Murguía, Castelao, a Condesa de Pardo Bazán, Aquilino Iglesia Alvariño ou Celso Emilio Ferreiro.

O **etnógrafo** estudoso da cultura popular e que impregnaba, a través dos datos, os seus traballos de historia, historia da arte e arqueoloxía. É unha das persoas que podemos considerar forman a coñecida actualmente como Escola de Etnógrafos Galegos, xunto con outros como Risco, Filgueira ou Xaquín Lorenzo.

Neste campo ten moitísimos traballos, entre os que están os dedicados ao Entroido, aos xogos infantís, ao Nadal, a literatura oral... ou outros máis divulgados como *El traje gallego e Galicia insólita. Tradiciones Gallegas*.

Pero ademais era, Antonio Fraguas, don Antonio xa para todos, un narrador excelente, un conversador ameno, un estupendo conferenciante, sempre accesible, amable e comprensible nas súas exposicións.

Por todo isto e, entre outros moitos premios e honores que se lle concederon, foi nomeado pola Xunta, no ano 1992, Cronista Xeral de Galicia.

## O MUSEO DO POBO GALEGO

O día 31 de xullo de 1976 constitúese o Padroado do Museo do Pobo Galego baixo a Presidencia de Xaquín Lorenzo “Xocas”. Acórdase entón que o director sexa Antonio Fraguas Fraguas, un dos seus fundadores. O 28 de outubro de 1977 inaugúranse as tres primeiras salas no antigo convento de San Domingos de Bonaval, onde el exercía como Director do Museo Municipal.



Exposición do Entroido nunha sala do Museo do Pobo Galego. Febreiro do 1994

Con Fraguas como director acométense as obras de restauración do edificio do ex convento e móntanse as salas correspondentes aos oficios, mar, campo e arquitectura popular. Ao mesmo tempo, organízase unha biblioteca, constituída con fondos propios do Museo pero que se vai ver enriquecida e mellorada pola incorporación das de Xaquín Lorenzo, Xesús Taboada Chivite, Antonio Rodríguez Fraiz e coa súa propia.

En 1984, o Padroado acorda impoñerlle a insignia de ouro da institución que el dirixe e, ao finar Xaquín Lorenzo no ano 1989, élle encomendada, ademais da dirección a presidencia do Padroado que exercía don Xaquín.

O 17 de decembro de 1994 fixo doazón pública, ao Museo do Pobo Galego, da biblioteca que comezara formar cos primeiros libros mercados de segunda man cando estaba a preparar o primeiro curso do bacharelato, e da que fixo entrega, ante os Presidentes da Xunta e do Parlamento de Galicia, o Conselleiro de Cultura e o Alcalde de Santiago, á entidade na que puxera tanto empeño. No libro de honra do Museo escribiu: *“No día que deixamos o noso “tesouro”, a sinxela biblioteca, co pensamento na nosa terra e na nosa cultura”*, lembrando quizais co plural, á que fora a súa dona e mellor colaboradora na formación desa colección de máis de 12.000 títulos.



Homenaxe 90 anos





3. Don Antonio Fraguas nace no ano 1905. Calcula cántos anos pasan ata que é elixido membro da Real Academia Galega no ano 1951. Seguro que xa sabes a operación matemática que tes que realizar, pois agora ¡a calcular!.

			CONTIDOS		
ÁREA	OBXECTIVO	BLOQUE	CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
1. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Recoñecer nos elementos do medio socio-natural os cambios e transformacións relacionados co paso do tempo, indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión de ditos cambios e aplicar estes conceptos ao coñecemento doutros momentos históricos.	A vida no pasado	Evolución dalgún aspecto básico da vida cotiá ao longo da historia (xogos).	Realización de traballos sobre a historia persoal, familiar,... empregando fontes orais, escritas ou restos materiais.	Sensibilidade e respecto polos costumes e tradicións que teñen a súa orixe en tempos pasados e que constitúen unha herdanza a transmitir.
2. Lingua galega e Literatura.	Desenvolver a creatividade e a imaxinación gozando das posibilidades lúdicas da linguaxe e aplicando as súas aprendizaxes ou adquirindo outras novas.		Aspecto lúdico da linguaxe: encrucillado.	Resolución de xogos de palabras.	Exploración e gozo de todas as posibilidades lúdicas do xogo.
3. Matemáticas	Apreciar o valor das matemáticas e gozar co seu uso. Recoñecer situacións que haxa que resolver mediante operacións de cálculo.		Operacións. Situacións nas que interveñen estas operacións.	Utilización de distintas estratexias para resolver problemas.	Resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás. Rigor na utilización de operacións.





## 2º CICLO DE PRIMARIA:

1. Busca nun dicionario os significados dos seguintes termos: etnografía, arqueoloxía, museo, etnoloxía, patrimonio.
2. Le o texto *Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninvos, Xaneiros y Reyes*. Fai unha descrición de cómo se celebran as festas do Nadal na actualidade e os cambios que atopas. Cales son as cousas que máis che sorprenden?, por que?.
3. Fíxate nestas cantigas recollidas de *Algunas cantigas del mar* de Antonio Fraguas que din:

*Carpinteiro de ribeira*

*fai-me un barquiño de vela  
pra ir de lua de mel  
coa miña Manoela.*

*Velabí vén teu pai,  
deixalo pasar:  
vén largar as redes  
ao medio do mar.*

*A miña dorna pequena*

*é como o berce dun neno;  
cando o mareiro me arrola  
como un meniño adormezo.*

*Pasei pola Ponte abaixo,  
vin saltar unha sardiña,  
mariñeiros, ide ao mar  
e botádelle a traíña.*

A que tipos de embarcacións tradicionais se fai referencia nas cantigas?. Que son os carpinteiros de ribeira?. Noméase nas cantigas algunha arte de pesca?.

Solicita unha visita ao Museo do Pobo Galego na que che proporcionen a información que requires para ampliar os teus coñecementos sobre a pesca.

4. Visita o Museo do Pobo Galego e relaciona a Sala do Traxe co libro etnográfico de Antonio Fraguas sobre a indumentaria tradicional titulado *El traje*. Observa se ves semellanzas co que describe na súa obra e coas vestimentas da actualidade.



ÁREA	OBXECTIVO	BLOQUE	CONTIDOS		
			CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
1. Lingua e Literatura	Utilización da linguaxe como instrumento para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes.	Lectura e Escritura.	Comunicación escrita como fonte de diversión, formación e información, e como medio de expresión de valores sociais e culturais.	Utilización adecuada do dicionario para a interpretación e produción de textos.	Valoración da lingua escrita. Interese pola lectura como fonte de pracer e como medio de formación, información e recepción do legado cultural.
2. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Participar en actividades grupais adoptando un comportamento e funcionamento democrático. Fomentar a comprensión do presente descubriendo o pasado, interpretando feitos, establecendo relacións e entendendo os cambios.	A vida no pasado.	Cambios dalgún aspecto básico da vida cotiá ao longo da historia.	Realización de traballos sobre a historia persoal, familiar,... empregando fontes orais, escritas ou restos materiais.	Sensibilidade e respecto polos costumes e tradicións que teñen a súa orixe en tempos pasados e que constitúen unha herdanza a transmitir. Respeto ante as crenzas e formas de vida das culturas afastadas dos nosos gustos e opcións persoais.
3. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Fomentar a comprensión do presente descubriendo a importancia do pasado, interpretando feitos, establecendo relacións e entendendo os cambios. Participar en actividades grupais valorando as achegas propias e alleas.	Os transportes e os medios de comunicación. A vida no pasado.	Tipos de transporte: mar. As evidencias do pasado no contorno como testemuño da vida noutras épocas: museos.	Realización de debates sobre un avance tecnolóxico, intentando observar as vantaxes e os inconvenientes do mesmo. Programación e realización de visitas a museos ou a lugares con vestixios do pasado, interesándose polo deseño e a función dos obxectos.	Disposición favorable á conservación dos vestixios do pasado, como bens do noso patrimonio cultural. Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético persoal.



4. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Recoñecer nos elementos do medio socio-natural os cambios e transformacións relacionados co paso do tempo, indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión de ditos cambios e aplicar estes conceptos ao coñecemento doutros momentos históricos.	A vida no pasado.	Evolución dalgún aspecto básico da vida cotiá ao longo da historia (vestido). As evidencias do pasado no contorno como testemuño da vida noutras épocas: museos.	Programación e realización de visitas a museos ou a lugares con vestixios do pasado, interesándose polo deseño e a función dos obxectos.	Disposición favorable á conservación dos vestixios do pasado, como bens do noso patrimonio cultural. Interese por coñecer obras artísticas de épocas distintas para desenvolver o gusto estético persoal.
---	---	-------------------	--	--	---

### 3º CICLO DE PRIMARIA e 1º da ESO (Educación Secundaria Obrigatoria)

1. Fai un mapa de Galicia no que localices a comarca de Cotobade, de onde era orixinario Antonio Fraguas, e busca e describe os ríos máis importantes de Galicia e os da túa comarca.
2. Fai unha redacción describindo a túa comunidade, comarca, concello, poboación e as actividades económicas, sociais e culturais que nela se levan a cabo. Podes buscar tamén información en internet.
3. Antonio Fraguas ten unha obra chamada *Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto*. Constrúe un aparello para asar castañas.



ÁREA	OBXECTIVO	BLOQUE	CONTIDOS		
			CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
1. Coñecemento do medio natural, social e cultural.	Identificar os principais elementos do entorno natural, analizando as súas características máis relevantes, a súa organización e interaccións e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.	As paisaxes do mundo.	A percepción espacial. Localización e orientación espacial: planos, mapas. Elementos que configuran a paisaxe natural: relevo, auga, clima, vexetación, fauna. A presenza humana na paisaxe.	Iniciación a técnicas de orientación espacial. Elaboración de mapas sinxelos.	Valoración da diversidade de paisaxes na propia comunidade e da riqueza dos mesmos noutros territorios da península.
2. Coñecemento do medio natural, social e cultural. Lingua e Literatura Galega.	Coñecer as principais características de Galicia: poboación, paisaxe, economía, cultura, historia, institucións e mundo laboral.	A organización da sociedade.	A organización económica: situación en Galicia. A organización social e política da localidade, provincia e Comunidade Autónoma Galega.	Observación e descrición do espazo habitual de relacións onde se desenvolve a vida dos alumnos.	Valoración da función social que desempeñan as persoas en distintos ámbitos: familiar, escolar, concello, autonomía.
3. Tecnoloxía.	Realizar producións artísticas de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios na elaboración do produto final.	A expresión plástica. Creatividade e expresividade.	A expresión da forma a partir da realidade, a memoria e a imaxinación. Instrumentos e técnicas como elementos de expresión e de comunicación.	Representación de formas no espazo de maneira espontánea e imaxinativa. Experimentación da cor, das texturas e das súas calidades como medio de expresión e representación de formas, volumes, fantasías e sentimentos.	Sinceridade no que se expresa plasticamente. Apreciación da orixinalidade e da espontaneidade como fundamento da conduta creativa. Interese e respecto pola tradición.



## 2º CICLO DA ESO (Educación Secundaria Obligatoria)

1. Recolle as cantigas tradicionais da túa zona e fai un cancionero con elas.
2. Antonio Fraguas traballou sobre as festas populares. Coma el, realiza un estudo completo sobre as que se celebran no teu lugar e cómo foron cambiando co tempo.
3. Don Antonio Fraguas empregou parte do seu tempo sendo locutor de radio. A actividade proposta consiste no seguinte: empregade un computador e buscade cáles son as bases para facer unha boa entrevista. Logo repartídesvos en grupos. Uns seredes os locutores e outros os entrevistados. O tema central da entrevista debe ser un tema relacionado con algo escrito e tratado por Fraguas. Xa vos pode des preparar para a vosa intervención.

ÁREA	OBXECTIVO	BLOQUE	CONTIDOS		
			CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
1. Educación plástica e visual.	Considerar e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuíndo activamente ao seu respecto, conservación e mellora, enfatizando as manifestacións propias da cultura galega.	Apreciación do proceso de creación das artes visuais.	Da idea á obra final.	Recoñecemento de distintos soportes e técnicas de expresión gráfico-plásticas. Utilización adecuada de técnicas gráficas segundo as intencións comunicativas. Recoñecemento de obras e artistas do patrimonio cultural galego.	Interese pola axeitada realización dos traballos artísticos desenvolvidos.
2. Ciencias sociais, xeografía e historia.	Identificar e localizar no tempo e no espazo procesos e acontecementos relevantes a fin de adquirir unha perspectiva global da evolu-	O espazo xeográfico galego e español. As sociedades humanas.	As actividades económicas en Galicia. A actividade e as paisaxes agrarias galegas. A industria e a localización das áreas industriais	Funcionamento da actividade económica: produción, distribución, intercambio e consumo. Os sectores produtivos e os axentes económicos. Os recursos naturais.	Interese por coñecer sociedades e culturas diferentes, valorándoas como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.





	ción histórica da humanidade, con especial atención a Galicia, e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.		no territorio galego. Os servizos e o turismo.	Factores produtivos: traballo e capital.	
--	---	--	--	--	--

### BACHARELATO:

1. Empregando o traballo de Fraguas "Emplazamiento de Ferias en Galicia a fines del siglo XVIII", en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXIII, pp.200-223. Santiago de Compostela, 1968, deberás realizar un estudo das feiras en Galicia e da súa evolución.
2. Sitúa nun mapa os lugares nos que se desenvolvían as feiras máis importantes de Galicia e cál era o produto protagonista de cada unha.
3. A partir do estudo feito sobre as feiras, realiza unha análise gráfica comparativa na que se aprecie a evolución do mercado ata os nosos días. Emprega un programa informático axeitado e expón os resultados acadados diante dos compañeiros.
4. Imaxina que estás a realizar un intercambio cultural. Nunha visita a Lugo atopádesvos cun castro. A actividade a realizar consiste en escribir un artigo na lingua estranxeira que esteades a estudar nese momento sobre o dito castro.



ÁREA	OBXECTIVO	BLOQUE	CONTIDOS		
			CONCEPTOS	PROCEDEMENTOS	ACTITUDES
1. Ciencias Naturais.	Identificar e localizar no tempo e no espazo procesos e acontecementos relevantes co fin de adquirir unha perspectiva global da evolución histórica da humanidade e a comprensión das nocións de cambio e permanencia.	Espazos xeográficos	Os servizos. O comercio, os transportes e as comunicacións. Os espazos comerciais.		Avaliar de forma crítica os diferentes niveis de concentración dos recursos e a actividade económica en determinadas zonas.
2. Lingua galega e literatura. Matemáticas.	Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación, comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo. Empregar os métodos e procedementos estatísticos e probabilistas para obter conclusións a partir de datos recollidos no mundo da información.	Técnicas de traballo. Táboas e gráficas.	Análise (lectura reflexiva e anotacións). Síntese (esquemas, diagramas, técnicas de resumo). Técnicas de busca da información en novos soportes.	Interpretación e lectura de gráficas relacionadas cos fenómenos naturais, a vida cotiá e o mundo da información.	Valoración da lingua como instrumento cognitivo e medio de comunicación privilexiado, así como elemento configurador da identidade persoal e colectiva.

---

## BIBLIOGRAFÍA

*Antonio Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben.* Clodio González Pérez (1998)

*Galicia en Madrid.* Revista de Letras y Artes GALAICO-HISPANICAS (2002).

*Monográfico Antonio Fraguas.* Xornal do I.B. Antonio Fraguas. Febreiro 1997.

*A infancia recordada.* Revista *Grial*, 144. Outubro, Novembro, Decembro 1999.


Mestre exemplar. *El Progreso*, 6 de novembro de 1999.

Discurso de ingreso na Real Academia Galega, 8 de maio de 1956: “Coplas que se cantaban nas ruadas de Loureiro de Cotobade”, con resposta de Otero Pedrayo.










Antón Fraguas: “Soy sólo un ciudadano y no represento nada más”. *El Correo Gallego*, 17 de abril de 1992.

“Mi gran maestra fue una analfabeta”. *Atlántico*, 24 de decembro de 1995.









Patrocina:



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

